

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	Educación artística	Páx	
Curso / Ciclo	5º Primaria		
Profesor/a	Jesús J. Silva Andrade		

CONTIDOS

- Os elementos do contorno: obxectos, animais, plantas ...
- As calidades sensoriais dos obxectos: a cor, a forma, o tamaño, a textura, o volume...
- As imaxes: o seu proceso de elaboración e os materiais que se empregan.
- Debuxos sobre cuadrícula. Formas xeométricas.
- Instrumentos, técnicas e materiais plásticos.
- A proporción . O movemento.
- A expresividade da cor, fondos de cor.
- Construción e modelado de figuras xeométricas.
- A simetría.

OBXECTIVOS

- Analizar os elementos da linguaxe plástica e visual: distinción de diferentes tipos de texturas, manipulación de formas, realización de mesturas e combinación de cores.
- Explorar novas posibilidades de creación tras coñecer diversas técnicas e materiais.
- Coñecer técnicas plásticas cada vez máis complexas e os materiais e procesos que interveñen en cada unha delas.
- Utilizar as diferentes formas de expresión de maneira máis autónoma e creativa.
- Adquirir confianza nas elaboracións artísticas propias, gozar coas manifestacións culturais do contorno e apreciar a súa contribución ao gozo e ao benestar persoal.
- Planificar, realizar e valorar as actividades propias e as colectivas.
- Aceptar e respectar os diferentes puntos de vista dos integrantes do grupo.
- Desenvolver a capacidade para percibir e analizar os elementos naturais e as manifestacións artísticas de Galicia.

METODOLOXÍA

- A Metodoloxía favorecerá a maior participación posible dos alumnos na calidade da aprendizaxe, mediante a utilización de imaxes cada vez máis complexas, mediante a presentación de innumerables vehículos de expresión a partir dos que xa dominan e mediante o énfasis nos procesos que inclúen unha reflexión inicial sobre os materiais que necesitan e os pasos a seguir para levar a cabo as actividades.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación concíbese de forma que analiza todo-os aspectos do proceso educativo e permite a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

Instrumentos a utilizar

Organización correcta do traballo e dos materiais.

Participación activa nos traballos de equipo.

Utilización de cores como medio de expresión artística .

Realización persoal e creativa de producións

Observación do contorno para obter puntos de referencia e debuxar de forma máis completa.